

SME/magg

**Expte. 2018037699**

**ASUNTO: Informe para a CONTRATACIÓN da execución do PROXECTO de "REPOSICIÓN DE FIRME NA EP - 4006 PONTEAREAS - AS NEVES"**

O técnico que subscribe, en uso das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, eleva o seguinte

### **INFORME-PROPOSTA**

#### **ANTECEDENTES**

A Decembro de 2015 a Deputación de Pontevedra presenta o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, o Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra prevé dentro dos seus obxectivos, dar un impulso importante á recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria na rede de estradas provinciais e outros.

O obxecto deste proxecto é definir as obras necesarias na E.P. 4006 PONTEAREAS - AS NEVES, en diversos puntos quilométricos que se definen nos planos e medicións do presente proxecto, comezando no P.Q. 0+000 ata o P.Q. 12+850, o seu paso polos Concellos de Ponteareas, As Neves e Salvaterra de Miño, onde é necesario proceder a reposicións do firme de xeito puntual a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

#### **FEITOS**

**Primeiro.-** As obras previstas neste proxecto limitáanse a meras actuacións de conservación e mantemento do firme existente dentro do dominio público viario titularidade desta Deputación mediante a súa mellora e reposición a nivel superficial. Non se prevén afeccións a entidades públicas ou a empresas subministradoras de servizos públicos xa que a execución das obras circunscríbense exclusivamente a plataforma da estrada, no seu nivel superficial mellorando a pavimentación do firme existente e polo que todos os terreos están dispoñibles.

Polo mesmo motivo antedito, non se fan necesarias ocupacións de terreos de propiedade privada executándose as obras previstas neste proxecto, exclusivamente, no Dominio Público Viario titularidade desta Deputación.

Dada a natureza das unidades de obra do contrato e atendendo o artigo 75.4 da lei de contratos do sector público, serán executadas directamente polo propio licitador as unidade de obra correspondentes á fabricación, á posta en obra e ó compactado da mestura bituminosas.

**Segundo.-** Achéganse copia do proxecto, tanto en formato papel coma en dixital cun orzamento de execución da obra por importe de 625.071,72 € (G.X. e B.I. incluídos) máis 131.265,06 € correspondentes ao 21% de IVE, resultando un orzamento base de licitación de *setecentos cincuenta e seis mil trescentos trinta e seis euros con setenta e oito céntimos* (756.336,78 €).

**Terceiro.-** O orzamento do contrato axústase a prezos de mercado en cumprimento do artigo 102 da Lei 9/2017 e os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra segundo o seguinte cadro, o cal quedará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2018	456.4530.612.01	756.336,78 €

**Cuarto.-** Considérase suficiente prazo para a execución das obras comprendidas no proxecto de referencia o de CATRO (4) MESES.

**Quinto.-** Dada a natureza dos traballos que se levarán a cabo é preciso por de manifesto que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo os mesmos, polo que serán adxudicados á unha empresa externa mediante o procedemento de contratación pertinente de acordo coa lexislación vixente, e entendemos que estas obras se corresponderían coa tipoloxía recollida no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, "*contrato de obras*", encadrado neste caso, no art. 232 grupo "a) *Obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación*".

**Sexto.-** En cumprimento do artigo 99 da Lei 9/2017 e aos efectos de xustificación, infórmase que non é factible a división en lotes da obra para a súa execución por unha pluralidade de contratistas independentes xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico ao ser necesario coordinar a execución de todas as unidades de obra.

**Sétimo.-** Proponse a súa adxudicación polo procedemento que o Xefe do Servizo de Contratación estime máis oportuno ao abeiro do recollido na Lei 9/2017.

**Oitavo.-** Proponse o nomeamento para levar a cabo a dirección de obra do presente proxecto ó Enxeñeiro do Servizo de Mobilidade, D. Manuel González Juanatey.

Por todo o anteriormente exposto, dáse traslado do presente proxecto ao servizo de Contratación para iniciar a tramitación do expediente para adxudicar a realización da devandita obra de conformidade coa lexislación vixente.

Pontevedra, a 18 de xullo de 2018

A Xefatura dos Servizos Administrativos,

  
Sonia Mateos Escudero

A Xefatura dos Servizos Técnicos,

  
Francisco Alonso Fernández

*Conforme*  
O Deputado Delegado,

  
Uxío Benítez Fernández

SERVIZO DE CONTRATACIÓN